

**ASUNTOS PARA INCLUIR NA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 28 DE DECEMBRO  
DE 2010.**

- 1.- Ratificación da urxencia.

ATENCIÓN CIUDADÁ

- 2.- Proxecto de convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a “Comunidad de propietarios del Centro Comercial Coya 4” para realizar obras de rehabilitación das prazas exteriores do centro comercial. Autorización do gasto. Expte. 4844/320.

CEMITERIOS

- 3.- Indemnización substitutiva a favor da empresa “Servicios Auxiliares de Mantenimiento y Limpieza S.L.” correspondente aos servizos de limpeza, acondicionamento e mantemento integral dos cemiterios municipais durante os meses de novembro e decembro do presente ano. Expte. 9228/255.

CONTRATAACION

- 4.- Indemnización substitutiva a favor de Linorsa mes de outubro e novembro. Expte. 19091/240.
- 5.- Alleamento de 59 vehículos para chatarra. Expte. 3485/241.
- 6.- Devolución de garantías:  
a) Comercial Automoto, S.A. Expte., 3456/241.  
b) Comercial Automoto, S.A. Expte. 3455/241.  
c) CEPSA Comercial Galicia, S.A. Expte. 3478/241.
- 7.- Clasificación de ofertas para a contratación do subministro para a adecuación de parques infantís nos distritos sur de Vigo (Lotes 2 e 5). Expte. 5523/446.
- 8.- Clasificación de ofertas para a contratación das obras do proxecto de acondicionamento de parque na finca Matías. Expte. 5621/446.
- 9.- Adxudicación das obras de instalacións audiovisuais do auditorio municipal. Expte. 3774/335.

CULTURA

- 10.- Adquisición do Arquivo Fotográfico Ksado aos herdeiros do fotógrafo Luis Casado Fernández. Expte. 12742/331.

DEPORTES

- 11.- Recoñecemento extraxudicial de crédito a favor de Movex Vial por obras de saneamento e acometidas eléctricas en diversas instalacións deportivas municipais. Expte. 10071/333.

### EDUCACIÓN

- 12.- Subvención directa á Fundación Escolas Nieto para a instalación de calefacción no edificio principal do centro de ensino concertado Escolas Nieto. Expte. 12170/332.

### IGUALDADE

- 13.- Indemnización substitutiva a favor de Gas Natural Servicios, SDG., S.A., en concepto de consumo de gas na casa de acollida correspondentes aos meses de febreiro, abril, outubro e decembro de 2008. Expte. 4699/224.

### EMPREGO

- 14.- Plan de seguridade e saúde do proxecto Pasarela Ecolóxica no bordo litoral dende a Guía ata Rotea. Expte. 6635/77.

### PATRIMONIO HISTÓRICO

- 15.- Acordo complementario para o proxecto de expropiación por taxación conxunta da unidade de actuación A2 do PEPRI de Bouzas.227/413.

### POLICIA LOCAL

- 16.- Indemnización substitutiva a favor de Aquilino Molina Valín, pola prestación do servizo de transporte, montaxe e recollida de valas, sinais e servizos de seguridade viaria do mes de xuño 2010. Expte. 34496/212.
- 17.- Indemnización substitutiva a favor de Aquilino Molina Valín, pola prestación do servizo de transporte, montaxe e recollida de valas, sinais e servizos de seguridade viaria durante os meses de xullo, agosto, setembro, outubro e novembro 2010. Expte. 34500/212.

### SERVIZOS XERIAS

- 18.- Proxecto modificado nº 1 do "Proxecto de instalación da rede separativa de pluviais, renovación das redes de abastecemento, saneamento e mellora da eficiencia lumínica na Rúa Pi y Margall (entre Chile e López Mora). Expte. 693/440.

### TURISMO

- 19.- Subvención directa a favor da Fundación Vigo Convención Bureau. Expte. 3627/104.

### **DECRETO DE CONVOCATORIA**

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes para a súa inclusión na orde do día, convoco á Xunta de Goberno Local para realizar sesión extraordinaria e urxente na súa Sala o día **28 de decembro de 2010, ás 13,30 h.** en primeira convocatoria e, de non existir quórum, unha hora despois (14,30 h.) en segunda convocatoria, para resolver os asuntos da devandita relación.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Xunta de Goberno Local; ao titular da Asesoría Xurídica, ao interventor xeral, ao titular do Órgano de Apoio á Xunta de Goberno Local e ós demais membros dos grupos políticos municipais do PSdG-PSOE e BNG. Fágase público no taboleiro da Casa do Concello para ós efectos de información.

Vigo, 28 de decembro de 2010.

am.

O ALCALDE,

A CONCELLEIRA SECRETARIA DA  
XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez

Isaura Abelairas Rodríguez.